

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Revogación convocatorias e procesos OEP

ANUNCIO: REVOGACIÓN CONVOCATORIAS E PROCESOS OEP 2017 E 2021

Téndose aprobado por Decreto nº 1443/2022 de data 26/04/2020 con CVD: dLSkzU4n3AbxS2D2MS8p, o desestímulo parcial da OEP 2017 e 2021 do Concello de Arteixo e consecuente revogación de convocatorias e procesos selectivos do Concello de Arteixo, procédese a súa publicación para xeral coñecemento e efectos oportunos:

“**SEGUNDO.-** Desistir parcialmente da OEP 2017 e OEP 2021 e todos os seus actos de desenvolvemento no relativo ás prazas en convocatorias actualmente en trámite de:

- 3 prazas de administrativo/a, persoal funcionario (1 reservada quenda diversidade funcional)
- 2 prazas de orientador/a, persoal laboral
- 1 praza de mediador/a intercultural, persoal laboral
- 1 praza de enxeñeiro/a técnico industrial persoal funcionario
- 11 prazas de operario/a, persoal laboral
- 13 prazas de limpador/a (7 OEP 2017 e 6 OEP 2021)
- 4 prazas de capataz por promoción interna persoal laboral

TERCEIRO.- Revogar as Bases xerais das convocatorias dos procesos selectivos de estabilización referidos anteriormente, aprobadas por Decreto nº 4141/2021 de 18 febreiro de 2021 (BOP de A Coruña nº 24/02/2021) e posteriormente modificadas, para adaptalas aos cambios posibilitados polo RDL 14/2021 de 6 de xullo, aprobándose novamente Bases xerais destes procesos por Decreto nº 3196/2021 de 27 outubro de 2021 (BOP de A Coruña de 04/11/2021).

CUARTO.- Como consecuencia do resolvo primeiro e segundo, revogar os Decretos de aprobación de Bases reguladoras específicas e demais actos de trámite posteriores, deixando sen efecto os mesmos e, especificamente:

- Decreto nº 3797/2021 de 13/12/2021 de Convocatoria e Bases reguladoras específicas de estabilización de 3 prazas de administrativo/a, persoal funcionario (1 reservada quenda diversidade funcional), correspondentes á OEP 2017; BOP de A Coruña nº 239 de 17/12/2021
- Decreto nº 1762/2021 de 24/06/2021 de Convocatoria e Bases reguladoras específicas de estabilización de 1 praza de mediador/a intercultural, persoal laboral, correspondente á OEP 2017, BOP de A Coruña nº 131 de 14/07/2021; modificadas polo Decreto nº 3796/2021 de 13/12/2021; BOP de A Coruña nº 239 de 17/12/2021
- Decreto nº 3799/2021 de 13/12/2021 de Convocatoria e Bases reguladoras específicas de estabilización de 2 prazas de orientador/a laboral, persoal laboral, correspondentes á OEP 2017; BOP de A Coruña nº 239 de 17/12/2021
- Decreto nº 3795/2021 de 13/12/2021 de Convocatoria e Bases reguladoras específicas de estabilización de 13 prazas de limpador/a, persoal laboral, 7 prazas correspondentes á OEP 2017 e 6 prazas correspondentes a OEP 2021; BOP de A Coruña nº 239 de 17/12/2021
- Decreto nº 3938/2021 de 22/12/2021 de Convocatoria e Bases reguladoras específicas de estabilización de 1 praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial de obras e servizos, persoal funcionario, correspondentes á OEP 2017; BOP de A Coruña nº 246 de 28/12/2021
- Decreto nº 1450/2021 de 01/06/2021 de Convocatoria e Bases reguladoras específicas de estabilización de 11 prazas de operarios, persoal laboral, correspondentes á OEP 2017, BOP de A Coruña nº 124 de 05/07/2021; modificadas polo Decreto nº 3383/2021 de 15/11/2021; BOP de A Coruña nº 223 de 23/11/2021
- Decreto nº 4017/2021 de 28/12/2021 de Convocatoria e Bases reguladoras específicas de estabilización de 4 prazas de capataz por promoción interna, persoal laboral, correspondentes á OEP 2017; BOP de A Coruña nº 48 de 11/03/2022

QUINTO.- Proceder de oficio á devolución de taxas de dereitos de exame de todos/as os/as aspirantes que procederan ao pago nos procesos selectivos enriba referidos (descargar modelo de designación de conta bancaria na páxina web do Concello de Arteixo <https://arteixo.org/wp-content/uploads/2020/12/dcb2018001.pdf>, que deberán presentar firmado acompañado de fotocopia do DNI, sellado pola entidade bancaria ou acompañado de certificado da conta).

SEXTO.- Proceder á convocatoria de Mesa xeral para negociación dos criterios xerais aplicables a unha OEP 2022 extraordinaria de estabilización, na que se recollerán todas as prazas vacantes desta Administración ás que resulte de aplicación as medidas de estabilización do actual marco legal, Lei 20/2021 de 28 de decembro, debendo aprobarse tal OEP de estabilización antes do vindeiro 1 de xuño de 2022.

SÉTIMO.- Notificar o acordo que sexa adoptado a todo o persoal municipal interino/a-laboral temporal que resulte afecto.

OITAVO.- Publicar o acordo que sexa adoptado no BOP de A Coruña, sede electrónica, taboleiro de edictos e, complementariamente na web municipal e calquera outro para maior difusión e publicidade.

NOVENO.- Dar traslado do expediente ao departamento de persoal, Intervención e Secretaría Xeral para que procedan segundo os trámites oportunos, incluíndo despacho do acordo que finalmente sexa adoptado á Xunta de Goberno Local e traslado á representación sindical.”

Arteixo, 27 de abril de 2022

Asinado: Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente

2022/2273